



Zuerida familia:

Este ano o seu fillo/a comeza unha das etapas máis fermosa e importante da súa vida. Incorporase por primeira vez á escola onde se establecerán os piares básicos para a vida en sociedade e para a súa formación.

A comunidade educativa do CEIP Plurilingüe Amadeo Rodríguez Barroso dálle as grazas por elixirnos e por confiarnos a formación do seu neno/a.

Pretendemos que esta incorporación á escola se faga dun xeito progresivo e sen traumas. Por elo e para que vostedes poidan planificar a súa vida familiar durante o mes de setembro, avanzámoslles que faremos un período de adaptación (amparándonos no Decreto 330/2009 do 4 de xuño e na ORDE do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.), durante o cal o seu fillo/a non permanecerá toda a xornada lectiva na escola.

Para aclarar todas as dúbidas que pudieran xurdir, convocámoslos a unha reunión o 29 de xuño ás 19:00, na sala multiusos do colexio se a situación sanitaria o permite (Será sen nenos/as)

Agardámoslos e quedamos a súa disposición



XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura, Educación e
Universidade

CEIP AMADEO RODRIGUEZ BARROSO

Rúa San Mamede, 8. 32005-OURENSE

Tel.: 988 783 044 Fax: 988 783 049

Correo electrónico: ceip.amadeo.barroso@edu.xunta.es

Web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipamadeobarroso/>



María Teresa Lage Lage, directora do CEIP Plurilingüe Amadeo Rodríguez Barroso, de Ourense

EXPÓN:

Que, debido ás características construtivas do edificio escolar e ao aumento de alumnado experimentado nos últimos anos, o centro está necesitado de espazos axeitados para poder desenvolver adecuadamente a súa función educativa, sobre todo aquelas actividades programadas para o gran grupo. Estas necesidades de espazo concréntanse de xeito moi especial na biblioteca escolar, un espazo moi reducido para o número de alumnado ao que presta servizo.

Que ante a próxima xubilación da actual conserxe do centro, no próximo mes de setembro, contéplase a posibilidade de desligar a vivenda do/da conserxe do seu traballo no colexio.

Por iso

SOLICITA:

Que, no caso de que non se vaia a utilizar por parte do/a conserxe, se lle permita ao CEIP Amadeo Rodríguez Barroso utilizar a mencionada vivenda para a actividade educativa co fin de poder dispoñer dun espazo de biblioteca acorde ás necesidades actuais do centro.

Ourense, 16 de xullo de 2015

A directora

Asdo.: María Teresa Lage Lage

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA DE OURENSE